

O acrónimo fraseolóxico

Mario García-Page¹

UNED

O acrónimo fraseolóxico é o enunciado novo, de aparente natureza fraseolóxica, que resulta da superposición, normalmente con solapamento ou redución dos constituintes, de dúas unidades fraseolóxicas xenuínas. Salvo nas formacións involuntarias (lapsus), o acrónimo fraseolóxico constitúe habitualmente un tipo de xogo de palabras, individual e non institucionalizado, polo que, de ningún modo, debe describirse como un fraseoloxismo nin como unha variante formal doutro.

Palabras clave: fraseoloxía, acrónimos, creación léxica.

Phraseological acronyms are new statements, apparently phraseological, set up by the superposition of two genuine phraseological units, usually with the overlap or reduction of their components. Except for the case of involuntary formations (slips), phraseological acronyms normally constitute a kind of individual and non-institutionalized play on words. Therefore, they shall never be described as phraseological units or as formal variants of them.

Key words: phraseology, acronyms, word formation .

1. A *acronimia fraseolóxica*, coñecida habitualmente como *fusión* ou *contaminación*² (Palm 1995: 73, Corpas Pastor 1996: 250-251, Mena Martínez 2002: 129, Corpas Pastor e Mena Martínez 2003: 196, Mena Martínez 2003: [3], etc.), é un procedemento de creación baseado na conxunción ou superposición de dúas ou máis³ unidades fraseolóxicas, sexa cal sexa a súa clase (locución, refrán, lugar común, frase

¹ Tradución de Beatriz Vizcaíno Pena.

² No eido da formación de palabras, o termo *contaminación* emprégase tamén para os fenómenos de cruzamento de palabras, artificio que pode estenderse a unidades de nivel superior á palabra, como a frase ou o sintagma. Véxase, por exemplo, Lázaro Carreter (1953: s. v. «contaminación»).

³ O procedemento recursivo ten, teoricamente, un carácter ilimitado, pero razóns pragmáticas e de eficacia do recurso imponen restricións: a pegada das unidades conformantes debe ser perfectamente visible, o que quere dicir que as unidades fraseolóxicas iniciais ou orixinais deben ser recoñecibles. A nova configuración debe constituír un palimpsesto que permita identificalo contorno daquelas.

proverbial...)⁴. Esta operación, como normalmente sucede nos procesos de creación léxica por acronimia, ten que comportar perda de material fraseolóxico, ben dunha das unidades que entran en xogo, ben das dúas, de xeito que o produto obtido non poida ser confundido cun simple proceso de *composición fraseolóxica* ou *crase*⁵, similar á composición léxica (comp. *cantautor* / *cantamañanas*)⁶.

⁴ Adoptamos neste estudo unha concepción ampla da fraseoloxía fronte á nosa visión particular da mesma (centrada nas locucións, incluídas as fórmulas como un tipo de locución oracional; García-Page 2004a), para poder ofrecer un mostrario meirande de exemplos de acronimia fraseolóxica. Algúns textos son clásicos refráns bimbres; con todo, algún exemplo (como o texto nº. 4) tamén recolle outras manifestacións de «discurso repetido» (Coseriu 1996) ou «linguaxe literal» (Lázaro Carreter 1976).

⁵ Beristáin (1985: s. v. «crase») admite a posibilidade de que o fenómeno de crase non supoña supresión ou contracción de sons: *matalascallando* (Quevedo), fronte a *ido[lo]latría* (Bloomfield); lat. *idolatre*s, esp. *idólatra*.

⁶ O requisito da perda de material fraseolóxico leva a Corpas Pastor (1996: 250) a afirmar que a acronimia, chamada pola autora *fusión*, «constituye un tipo especial de combinación de procedimientos, pues implica el acortamiento de varias unidades que se unen para formar una sola». A nós non nos parece que a acronimia resulte da interacción de varios procedementos desautomatizadores e cremos que a perda de material fraseolóxico (de feito, a redución é a única operación que se practica) é inherente ó mecanismo de formación por acronimia fraseolóxica (véxase máis abaixo o comentario sobre a *palabra maleta* como un tipo de acronimia léxica).

Este ingrediente obrigatorio é suficiente para revela-la vaguidade ou laxitude de certas caracterizacións da acronimia, como a que sostén que a acronimia (ou fusión) consiste, simplemente, nunha «mezcla de dos o más unidades» (Corpas Pastor e Mena Martínez 2002: 196, Mena Martínez 2003: [3]). A conxunción ou mestura de dúas unidades fraseolóxicas sen redución non é propiamente un fenómeno de acronimia, cando menos non nun senso estrito acorde coa noción de acronimia léxica. Así mesmo, os fraseoloxismos conformantes deben, en principio, intervir en estado puro, na súa versión canónica, non como estruturas deslexicalizadas (con engadidos, substitucións, permutacións, etc.), co fin de superar felizmente o filtro de recoñecemento.

Xa no ámbito da creatividade léxica, Casado Velarde (1999: 5086) supón que o acrónimo léxico se forma mediante a xustaposición de dúas palabras con eliminación dos sons finais da primeira e os iniciais da segunda, do tipo *teleñecos* = *tele*[visión] + [*mu*]ñecos: «el primer constituyente debe ser fragmento inicial de la palabra de la que ha sido desgajado, y el último, fragmento final de su respectiva unidad léxica». No entanto, é moi frecuente que sexa só un dos formantes léxicos o que sofre a perda de sons (*Nescafé* = *Nes*[tlé] + *café*). O autor (Casado Velarde 1999: 5087) tamén parece recoñecer esta posibilidade. En calquera caso, esta é, sen dúbida, unha concepción da acronimia algo restritiva. Así, por exemplo, baixo esa concepción queda descartada a opción de que sexan os sons finais de ámbalas palabras os segmentos que se suprimen, do tipo *taquimeca* (= *taquígrafa* + *mecanógrafa*), que, acaso, habería que interpretar como unha sigla especial (fronte ás xenuínas SIDA, INRI, OTAN, ONU, etc.). Precisamente, algúns autores, como Álvarez de Miranda (2006: 297) e Serra (2001: 233-236), adscriben a acronimia ó fenómeno de siglación: para este último autor citado, INRI ou IBM, por exemplo, serían acrónimos. Tamén a Academia (DRAE 2001: s.v. «acrónimo», 1ª acepción) considera a acronimia como un «Tipo de sigla que se pronuncia como una palabra; por ejemplo, *o(objeto) v(olante) n(o) i(dentificado)*».

A acronimia é coñecida ás veces como *palabra maleta* (fr. *portmanteau*, ing. *portmanteau word*, etc.), que comprendería outros fenómenos parecidos ademais do indicado: por exemplo, a superposición de dúas palabras con intercalación, no interior da palabra máis extensa, da máis breve. Dubois *et al.* (1982: 26-27) poñen o exemplo *rajolivissant* (= *ravissant* + *joli*; v. gr.: *raJOLivissant*). Esta caprichosa formación léxica podería constituir un claro contraexemplo á caracterización máis xeral da acronimia, que supón o descarte de polo menos un son en calquera dos formantes. En español existe un caso equiparable

O *acrónimo fraseolóxico* será, consecuentemente, o enunciado de factura fraseolóxica resultante de efectuar esta operación (*tener [todo] patas por hombro < tener [todo] patas arriba + tener [todo] mangas por hombro*).

O mecanismo máis común de formación de acrónimos fraseolóxicos é a simple xustaposición ou superposición de unidades fraseolóxicas distintas que comparten un compoñente léxico (frecuentemente, o verbo ou o substantivo máis relevante desde o punto de vista léxico-semántico ou mesmo fónico), que se converte no candidato idóneo para a súa subtracción: *sacar los pies fuera del tiesto < sacar los pies del tiesto (o de las alforjas) + mear fuera del tiesto*. Algunhas veces, ademais da semellanza léxica parcial (lexema común eliminable), as unidades fraseolóxicas formadoras gardan entre si algunha relación semántica (sinonimia, cohiponimia, antonimia, metonimia...): *pagar los patos + pagar el pato + pagar los platos rotos*.

2. Non hai dúbida de que calquera comparación co sistema de creación léxica por acronimia é, en certo modo, ociosa, pois os moi variados e por veces complexos mecanismos de formación de acrónimos léxicos non quedan, nin moito menos, representados na caracterización da acronimia fraseolóxica. Nin sequera un dos máis simples e recorrentes, como é o que existe a cancelación, por haplofonía, dos sons idénticos⁷ finais da primeira palabra ou dos iniciais da segunda, ou de ámbolos dous a un tempo (do tipo *Moncloaca = Moncloa + cloaca*, *Trilce = triste + dulce*), adoita manifestarse como unha vía regular de creación fraseolóxica por acronimia. Non obstante, poderían aducirse os seguintes exemplos, con haploloxía léxica:

1. *Después, como un cadáver puesto en pie de guerra, clamaría por los campos*

extraído do anuncio do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (2005) contra a captura de peixes alevíns: «*Sólo los peces grandes comen pezqueñines*». Non obstante, este caso difire daquel en que o acrónimo ou palabra maleta *pezqueñines* se consegue recorrendo á eliminación de material fónico ou amálgama, concretamente a sílaba *pe-*, que abrangue os sons repetidos nas bases conformantes (*pez + pequeñines*).

O citado neoloxismo galo indicado por Ph. Dubois tamén representaría un contraexemplo á definición que proporciona Casado Velarde (1999:5086) ó reclamar unha orde «lineal» na combinación das palabras conformantes, condición que o leva a descartar como posibles acrónimos acurtamentos do tipo *taquimeca*, xa citado, ou *polimili (político-militar)*.

⁷ Este sería, na nosa opinión, o caso máis representativo ou xenuíno, que pode interpretarse como un fenómeno de intersección. Dubois *et al.* (1982: 26-27) propoñen o exemplo de *nauseabondance = nauséabond + abundance*, similar ó citado *Moncloaca*, aínda que este, mesmo producíndose haplofonía, podería interpretarse como unha simple inclusión (non intersección): *Mon + cloaca*, semellante ó que citan Dubois *et al.* (1982) como ilustración do fenómeno de inclusión: *doeil = deuil + oeil*. Beristáin (1985) cita un exemplo similar, extraído dun anuncio de salchichas «Swan» («*Salchichas hechas a Swantojo*»; v. gr.: *Swantojo = Swan + antojo*). Non obstante, aquí o solapamento determina dous tipos de inclusións paralelas, pero non simultáneas, a partir do segmento silábico que constitúe a intersección fónica: ben de *Swan* (*Swan + [an]tojo*), ben de *antojo* (*Sw[an] + antojo*). En realidade, o fenómeno de superposición é máis complexo, xa que, foneticamente, *Swantojo* é un calembur do sintagma nominal *su antojo*, coa diferenciación gráfica da maiúscula e do w.

- la paz del hombre [...] (Blas de Otero)*⁸
2. *por favor, decidme qué hora es la de las lágrimas, sobre todo la de las lágrimas sin más ni más que llanto... (Blas de Otero)*
 3. *Este país siempre se ha dejado la piel de toro por alguna clase de unidad o de destino. (El País, 29-5-92, p. 84)*⁹
 4. *Desde los siete años oyendo lo mismo a todas horas, cielo santo, santo, santo, como de Dios al fin obra maestra. (Blas de Otero)*

En 1 as unidades fraseolóxicas que interveñen na formación acronímica (*ponerse en pie de guerra*) son a locución prepositiva *en pie* (que forma colocación ou combinación frecuente co verbo *ponerse*) e a locución adverbial *en pie de guerra*, sendo o segmento de intersección o sintagma preposicional *en pie*. Podería pensarse que se trata, realmente, dun proceso de inclusión e non de intersección: *[[en pie] de guerra]*¹⁰. En 2 é presumible que a estrutura *sin más ni más que* sexa un cruzamento deliberadamente planificado por Blas de Otero da locución adverbial *sin más ni más* e a locución conxuntiva *sin más que / no más que*. O texto de 3 ilustra exemplarmente o proceso de encadeamento das dúas unidades que constrúen o acrónimo: a locución verbal *dejarse la piel* ‘traballar en exceso, esforzarse moito’ e o sintagma nominal idiomático («España») de discutible filiación fraseolóxica *piel de toro*. Corpas Pastor (1996) non dubida en analiza-lo complexo sintagmático *dejarse la piel de toro* como un auténtico

⁸ Este texto e o 4. están recollidos en García-Page (1991a: 81).

⁹ Exemplo citado por Corpas Pastor (1996: 250).

¹⁰ Blas de Otero volve practica-lo mesmo artificio, con maior dose de ludismo, noutros poemas, como ilustra o seguinte fragmento poemático:

*Anda
Levántate,
España.
(Ponte
en pie
de paz).*

A lectura de *ponerse en pie* como un conxunto unitario, aínda que non represente unha locución verbal, vén favorecida pola concorrencia do verbo case sinónimo *levantarse*. O valor lúdico acrecéntase pola intervención conxunta doutras dúas artimañas construtivas: a pausa virtual de fin de verso en relación co encabalgamento sintagmático (García-Page 1991b, 2003: 215-227, 2004b: 161-163) e a ruptura da locución *en pie de guerra*, mediante un antónimo léxico (> *en pie de paz*). O mesmo xogo verbal, pero máis simplificado (o poeta non recorre ó efecto visual e semántico da pausa de fin de verso que creba o sintagma unitario *en pie de paz*), aparece nos seguintes versos:

*Puestos en pie de paz,
Unidos, laboramos.*

Martínez López (1996) cita o mesmo exemplo (o autor utiliza o termo cruzamento de dous fraseoloxismos para se referir ó fenómeno da acronimia):

... los presupuestos del Estado y la reforma laboral que tiene a los sindicatos en pie de guerra (Tiempo, xaneiro 1994, p. 3).

exemplo de *fusión*: o substantivo *piel* funciona como elemento de intersección¹¹. A existencia do bloque unitario *piel de toro* descarta a posibilidade de interpreta-lo xogo como unha simple variación creativa conseguida exclusivamente por adición (do sintagma preposicional *de toro*). Blas de Otero volve conxugar en 4 dúas construcións fixas aproveitando o nexa léxico de unión *santo*, a fórmula pragmática que expresa ‘asombro’ *¡Cielo santo!* e o comezo da cita relixiosa «*Santo, santo, santo es el Señor, Dios del universo, llenos están el Cielo y la tierra...*», que se entoa como oración na misa antes da Consagración.

3. O tipo de cadea fraseolóxica que constitúe o mecanismo de xustaposición con haplología léxica que estamos a estudar non difire moito das series encadeadas de colocacións que representan combinacións sintagmáticas do tipo *tributar una calurosa ovación, cosechar un éxito apoteósico, tomar medidas drásticas, incurrir en un error garrafal, guardar estrecha relación, rendir un encendido homenaje, acariciar una remota posibilidad*, etc.: *tributar un homenaje + homenaje encendido, cosechar un éxito + éxito apoteósico, tomar medidas + medidas drásticas, incurrir en un error + error garrafal, guardar relación + relación estrecha, rendir una ovación + calurosa ovación, acariciar una posibilidad + posibilidad remota*, etc. Corpas Pastor (1996: 119) emprega o termo *concatenación* para a combinación sintagmática *abrir la puerta de par en par*, mentres que Koike (2001: 147-149) fala de *colocacións concatenadas* para secuencias similares ás nosas. Coffey (2001:219) asocia este fenómeno ó mecanismo de *blending*, que ilustra cunha cadea sintagmática similar: *Lavori in corso di formazione*.

4. Sen lugar a dúbidas, a existencia dun compoñente léxico común convértese en escusa suficiente para establece-la superposición de dúas unidades fraseolóxicas, pero, como se indicou antes, este compoñente común non adoita ocupa-la posición final da primeira unidade e a inicial da segunda, de maneira que se constrúa unha cadea fraseolóxica; máis ben é o verbo que encabeza dúas locucións verbais distintas, coma os exemplos que se citan a continuación, ou o substantivo léxica ou semanticamente máis prominente. O feito de pertencer á mesma categoría locucional (nos seis casos seguintes son locucións verbais) e mailo de que constitúan sinónimos ou cohipónimos interfraseolóxicos (6, 8 e 9) son dúas circunstancias favorables á formación de acrónimos deste tipo:

5. *Me pongo a hablar sola por los codos* (Gloria Fuertes)

6. *No os vayáis por las ramas de Úbeda*¹²

¹¹ Trátase dun caso semellante ó que propoñemos a continuación, no que a escritora combina unha locución (a locución verbal *estar a punto*) e un composto sintagmático de estrutura coordinativa (*punto y aparte*):

Pasé el estado de coma.

Estoy a punto

–y aparte– (Gloria Fuertes)

¹² Exemplo de Mena Martínez (2002: 129).

7. *Pueden darse con una piedra en el pecho* (Nicanor Parra)¹³
8. Se han dejado las pestañas *en la campaña* y *lamentaron que no todos los representantes del sector renovador hayan hecho lo mismo* (*Ideal*, 13-6-94, p.10)
9. *Voy a sudar la tinta gorda*¹⁴
10. *¿Yo? Yo no me gasto ochenta pesetas para pasar calor y luego no ver nada, a mí no me las pegan ni con cola* (M. Caballero Bonald)¹⁵

É abertamente consciente o xogo practicado pola poetisa Gloria Fuertes para forxa-la expresión *hablar sola por los codos* (5); outra cousa é que resulta máis dificilmente defendible que se trate dunha auténtica acronimia fraseolóxica, dada a discutible descrición de *hablar solo* (*alguien*) como locución. O que está claro é que hai unha ruptura da locución *hablar por los codos* (a través da inserción do adxectivo *sola*), o que provoca a remotivación semántica a partir da segmentación en dous grupos unitarios, co solapamento correspondente do lexema verbal común (*hablar*): *hablar sola* e *hablar por los codos*, aínda tratándose dunha locución semitransparente, pois o verbo *hablar* intervén na locución co seu significado recto ‘falar moito’.

En 6 celébrase a comunión de dous fraseoloxismos que constitúen a base de formación do acrónimo, as locucións verbais *irse* (ou *andarse*) *por las ramas* e *irse por los cerros de Úbeda*, que poden considerarse sinónimas ou case sinónimas: ‘desviarse do tema principal, facer comentarios superfluos ou inadecuados’. En 7 son as locucións verbais *darse golpes de pecho* e *darse con un canto* (ou *piedra*) *en los dientes* as bases fraseolóxicas de formación do acrónimo *darse con una piedra en el pecho*, que forxa o poeta chileno Nicanor Parra. Posiblemente, a base semántica común de ‘esfuerzo’ que vincula as locucións verbais *dejarse la piel* (‘esforzarse moito’) e *quemarse las pestañas* (‘estudar con empeño’, ‘esforzarse no estudo’) é a principal causa responsable do cruzamento inconsciente de ambas que representa a expresión *dejarse las pestañas* (8).

Tamén é a relación semántica de sinonimia a razón principal que puido provoca-la creación neolóxica de *sudar la tinta gorda* (9), como cruzamento ou acrónimo de *sudar tinta* e *sudar la gota gorda*, aínda que non debe descartarse a acción que puidera exercer o trazo semántico compartido [+líquido] que permite asociar *tinta* e *gota*. O enunciado de 10 representa un cruzamento das locucións verbais *no pegar ni con cola* e [no] *pegársela* (ou *dársela*) ‘enganar’. Existe, non obstante, unha «irregularidade», posto que aparece o pronome átono *las* co morfema de plural, posiblemente como

¹³ Exemplo citado en García-Page (1991a: 81).

¹⁴ Exemplo de Mena Martínez (2002: 129-130, 2003: [3]).

¹⁵ O exemplo pertence a Martínez López (1996), que o autor cita como «cruzamento»; o fragmento é da novela *Dos días de septiembre*.

auténtico anafórico referido ás pesetas, fronte ó an-anafórico *la/las* de locucións como *diñarla* ou *apañárselas*.

5. Aspecto distintivo non relacionado co proceso creador é que o acrónimo léxico debe ser necesariamente interpretado como unha nova unidade léxica –se se quere, como un tipo especial de composto–, aínda que non se trate máis ca dun hápax léxico irrepetible e condenado ó esquecemento (isto é, que nunca consiga traspasa-la fronteira do individual e ingresar oficialmente no vocabulario da lingua); en cambio, o acrónimo fraseolóxico xa nace co estigma de ser un fraseoloxismo espurio e ilexítimo –ou, mellor dito, de non ser fraseoloxismo–, unha creación bastarda que repudiará a comunidade e, por tanto, co tempo de vida contado: un produto de natureza funxible, de consumo inmediato, destinado a perecer inminentemente. O acrónimo léxico, unha vez sancionado pola comunidade, pode formar parte do acervo léxico colectivo e ser rexistrado nos dicionarios; moitas veces, están chamados a cubrir un baleiro no léxico. O acrónimo fraseolóxico sempre será un hápax ilexítimo ou, se se produce na lingua oral, nin iso, pois normalmente perece no momento en que se emite.

O acrónimo fraseolóxico só pode entenderse como o resultado dun proceso desautomatizador, de creatividade individual, dun xogo consciente e controlado, ou ben froito dun uso equivocado (lapso) da fórmula canónica e consagrada pola tradición. Fronte a outros mecanismos formativos ilexítimos –como a substitución, a supresión ou a adición– que constituíron ó longo da historia –e aínda constitúen na actualidade– vías regulares de produción de variantes fraseolóxicas (mesmo, esporadicamente, poderían chegar a constituílas en calidade de recursos desautomatizadores se se desen as óptimas condicións), a acronimia non parece que actuase nunca como sistema de creación de xenuínas unidades fraseolóxicas, nin sequera de creación de variantes formais. É, pois, só concibible como procedemento «destrutor», xa lúdico e calculado, xa inconsciente e espontáneo¹⁶.

6. Precisamente, estas dúas maneiras fundamentais de formación vanse corresponder con dous tipos de códigos ou sistemas de comunicación: a lingua escrita e a lingua falada do coloquio espontáneo ou non premeditado. A prensa, a publicidade, a literatura... son prolíficas fontes xeradoras de variacións fraseolóxicas creativas (incluída a acronimia). A fala espontánea –especialmente en persoas iletradas, falantes non nativos, xeracións novas, etc.– é o campo ideal para fertilizar acuñacións insólitas ilexítimas nadas por erro. É presumible que sexa aquí onde a acronimia xorde con máis vigor. As formacións neolóxicas forxadas neste medio son difíciles de recoller de xeito que non parezan acuñacións arbitrarias ou caprichos creados *ad hoc* polo estudioso. Vigara Tauste (1998: 103) cita algúns exemplos de acronimia fraseolóxica nados no coloquio:

¹⁶ Esta concepción poñería en dúbida a opinión daqueles fraseólogos que queren ver unha correlación perfecta entre os mecanismos de formación de variantes usuais e mailos mecanismos de formación de variacións libres ou creativas (Sabban 1998: 100, Mena Martínez 2002: 129). A acronimia, como dicimos, nunca produce variantes.

11. *Antonio, no es que yo quiera dorar las orejas..., realmente el récord es tuyo*¹⁷
[*dorar la píldora* ‘facer a pelota’ + *halagar las orejas (o el oído)* ‘adular’]
12. *Eso sería empezar la casa por la ventana.*
[*empezar (a construir) la casa por el tejado* + *tirar la casa por la ventana*]

Nós recollémo-lo seguinte testemuño:

13. *Corre que pela*¹⁸
[*corre que se las pela (ou que vuela)* + *hace un frío que pela*]

7. Un mecanismo particular de formación de acrónimos fraseolóxicos, e con certo carácter recorrente, consiste na conxunción lineal e inmediata de dous refráns xeralmente bimembres, truncados e acurtados, respectivamente, por apócope do segundo membro e por aférese do primeiro. Tal artificio cumpre estritamente o criterio fixado por algúns autores (p. ex. Casado Velarde 1999) para a formación de acrónimos léxicos baseado na cancelación dos sons finais da primeira palabra e mailos iniciais da segunda. É normal que os refráns seleccionados que actúan de base non teñan en común ningún compoñente léxico marcado:

14. *Cría cuervos y échate a dormir*
[*Cría cuervos y te sacarán los ojos* + *Ten fama y échate a dormir*]
15. *Fue a por lana y recibió tres tazas*¹⁹
[*El carnero encantado, que fue por lana y volvió trasquilado* + *Si no quieres caldo, toma tres tazas*]
16. *A palabras necias, ganancia de pescadores* (Antena 3, *Manos a la obra*, 16-1-01)
[*A palabras necias, oídos sordos* + *En río revuelto, ganancia de pescadores*]
17. *Se cree el ladrón que todo el monte es orégano* (Antena 3, *Manos a la obra*, 2-01)
[*Se cree el ladrón que todos son de su condición* + *No todo el monte es orégano*]

¹⁷ Este exemplo aparece tamén en Mena Martínez (2003: [2]), co comentario de que «*Antonio Prieto es el nuevo récord de España en los 10.000m*» (Olimpiadas 92).

¹⁸ Curiosamente, Káloustova e Tánych (1998: 126) citan a locución, completamente ilícita, *come que se las pela*, que, a nós, se nos antolla que podería ser un acrónimo de *correr que se las pela* + *comer como unha lima / que da gusto...* A consecutiva enfática *que se las pela* só forma correlación con *correr*, aínda que é certo que dicionarios coma o DFDEA parecen deixar aberta a porta a outras combinacións ó cualificalo simplemente de intensivo: «Pondera la intensidad con que se realiza la acción que se acaba de expresar»; non obstante, un dos seus exemplos inclúe o verbo *correr*. O erro podería deberse ó feito de que as autoras non son nativas e tal vez o recollen así, de oídas, na rúa.

¹⁹ Estes dous últimos exemplos pertencen a Corpas Pastor e Mena Martínez (2003: 196).

Este mecanismo non sempre se dá en estado puro. O seguinte acrónimo combina os dous procedementos: o truncamento dos membros dos dous refráns orixinarios e maila intersección ou comunidade léxica (a palabra *rey*).

18. *En el país de los ciegos, rey tuerto, rey puesto*²⁰
[*En el país de los ciegos, el tuerto es el rey + A rey muerto, rey puesto*]

8. Hai outros tipos de combinación de dúas unidades fraseolóxicas que non producen auténticos acrónimos; trátase máis ben dunha simple xustaposición ou asociación sen solapamento ou redución de material fraseolóxico (salvo que o fraseoloxismo interveña xa nunha versión acurtada, como creación libre autónoma: ex. 20). Si ten en común coa xenuína acronimia o feito de que as unidades fraseolóxicas comparten polo menos un lexema (19-21) ou, cando menos, existe algunha relación semántica (21):

19. *Yo soy el garbanzo negro de mi familia,
un bala perdida.
¡Y no hay bala perdida que me mate!* (Gloria Fuertes)
[*(ser) un bala perdida + (haber) una bala perdida*²¹]
20. *Donde no hay harina, ni siquiera de otro costal, todo es mohína, palabra que
alude al mohín, la mueca o el gesto de disgusto* (*Sur*, 10-9-92, p. 56)²²
[*Donde no hay harina, todo es mohína + Ser harina de otro costal*]
21. *La gente dice:*
«*Pobres tiene que haber siempre*»
y se quedan tan anchos
tan estrechos de miras,
tan vacíos de espíritu (Gloria Fuertes)
[*quedarse tan ancho + (ser) estrecho (ou corto) de miras*]

9. Existen, ademais, casos difíciles de clasificar, ás veces porque a manipulación a que foi sometido o fraseoloxismo non deixa transparentar con total claridade as unidades de base:

22. *Y corre de voz en boca
que la familia que queda
está loca* (Gloria Fuertes)
23. *¿Salud? Lo suficiente. ¿Fama?
Mala. Pero mucha lana* (Blas de Otero)

²⁰ Exemplo de Corpas Pastor e Mena Martínez (2003: 196).

²¹ O DRAE (2001: s.v. «bala») non recolle a expresión como tal, senón só o sintagma nominal *bala perdida*, pero asígnalle o significado de '*bala disparada con desacierto*' (á parte do de '*tarambana*' aplicado a unha persoa). *Haber una bala perdida* é unha expresión bastante frecuente na lingua diaria, aínda que o DFDEA tampouco a rexistra.

²² Exemplo citado en Corpas Pastor (1996: 251). A autora tamén cre que non debe analizarse como fusión.

O texto de 22 podería ser un acrónimo formado pola acción conxunta de *correr la voz* e maila locución adverbial *de boca en boca*, que, á súa vez, representa unha combinación frecuente (*correr de boca en boca*); pero cabe a opción, máis sinxela, de interpretalo como unha simple substitución léxica: *de boca en boca* > *de voz en boca*. A forma fragmentada ou desarticulada con que aparece o refrán *Unos tienen la fama y otros escardan la lana* non impide pensar que se trate do cruzamento do dito refrán coa locución verbal *tener mala fama*. Sen dúbida, é a voz *lana* a que remite inequivocamente ó refrán (dado que *fama* é lexema común á locución citada), que, ademais, encerra o significado de ‘ter (mala) fama’.

Bibliografía

- ÁLVAREZ DE MIRANDA, P. (2006): “Acrónimos, acronimia: revisión de un concepto” en De Miguel, E. *et al.* (eds.): *Estructuras léxicas y estructuras del léxico*. Francfort a. M., Berlín, etc., Peter Lang, 295-308.
- BERISTÁIN, H. (1985): *Diccionario de retórica y poética*. México, Porrúa.
- CASADO VELARDE, M. (1999): “Otros procesos morfológicos: acortamientos, formación de siglas y acrónimos” en Bosque, I. e Demonte, V. (coords.): *Gramática descriptiva de la lengua española*. Madrid, Espasa, vol. 3, 5075-5096.
- COFFEY, St. (2001): “Disturbing the Form-Meaning Nucleus of Multiword Units: Data and Issues” en *SILTA* 30:2,2001,215-228.
- CORPAS PASTOR, G. (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid, Gredos.
- CORPAS PASTOR, G. e MENA MARTÍNEZ, F. M. (2003): “Aproximación a la variabilidad fraseológica de las lenguas alemana, inglesa y española” en *ELUA* 17,2003,181-201.
- COSERIU, E. (1966): “Introducción al estudio estructural del léxico” en *Principios de semántica estructural*. Madrid, Gredos, 1977, 11-86.
- DFDEA (Seco, M. *et al.* eds.) (2004). Aguilar, Madrid.
- DRAE (2001). Espasa Calpe, Madrid.
- DUBOIS, Ph. *et al.* (1982): *La rhétorique des jeux de mots*. Università di Urbino, Urbino.
- GARCÍA-PAGE, M. (1991a): “A propósito de la ‘Ruptura del sistema formado por una frase hecha’” en *NEF* 6,1991,71-101.
- (1991b): “En torno al ‘encabalgamiento’. Pausa virtual y duplicidad de lecturas” en *RLit* 53:106,1991,595-618.
- (2003): *El juego de palabras en la poesía de Gloria Fuertes*. UNED, Madrid.
- (2004a): “De los fines y confines de la fraseología” en González Calvo, J. M. *et al.* (eds.): *Actas VII Jornadas de Metodología y Didáctica de la Lengua: Las unidades fraseológicas*. Universidad de Extremadura, Cáceres, 23-79.
- (2004b): “Juegos idiomáticos en la poesía contemporánea” en Senabre, R. *et al.* (eds.): *El lenguaje de la literatura. Siglos XIX y XX*. Ambos Mundos, Salamanca, 113-176.
- KÁLOUSTOVA, O. M. e TÁNYCH, K. (1998): “El ‘comer’ en la fraseología rusa-ucraniana-española: apuntes para un diccionario multilingüe” en Luque

- Durán, J. de D. e Pamies Bertrán, A. (eds.): *Léxico y fraseología*. Método Ediciones, Granada, 125-132.
- KOIKE, K. (2001): *Colocaciones léxicas del español actual: estudio formal y léxico-semántico*. Universidad de Alcalá de Henares/Universidad de Tokushoku.
- LÁZARO CARRETER, F. (1984³ [1953]): *Diccionario de términos filológicos*. Gredos, Madrid.
- (1976): “El mensaje literal” en Lázaro Carreter, F. (comp.): *Estudios de lingüística*. Cátedra, Madrid, 149-171.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, J. A. (1996): La fraseología del español. Acercamiento morfosintáctico, semántico y pragmático. Universidad de Granada, Granada.
- MENA MARTÍNEZ, F. M. (2002): La desautomatización de las paremias inglesas por sustitución: un estudio contrastivo. Universidad de Murcia, Murcia.
- (2003): “En torno al concepto de desautomatización fraseológica: aspectos básicos” en *Tonos. Revista electrónica de estudios filológicos* 5, 2003, 15 págs.
- PALM, Ch. (1995): *Phraseologie: Eine Einführung*. Narr, Tübingen.
- SABBAN, A. (1998): *Okkasionelle Variationen sprachlicher Schematismen. Eine Analyse französischer und deutscher Presse- und Werbetexte*. Niemeyer, Tübingen.
- SERRA, M. (2001³ [2000]): *Verbalia. Juegos de palabras y esfuerzos de ingenio literario*. Península, Barcelona.
- VIGARA TAUSTE, A. M. (1998): “Aspectos pragmático-discursivos del uso de expresiones fosilizadas en el español hablado” en Wotjak, G. (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*. Vervuert/Iberoamericana, Fráncfort a. M./Madrid, 97-127.